

" />



17 ABRIL, 2021

[LUGO](#)

[BARRIOS](#)

[PROVINCIA](#)

[MEDIO RURAL](#)

[CULTURA](#)

[DEPORTES](#)

[OPINIÓN](#)

[HOME](#) > [PROVINCIA](#) > **EN MAREA TRASLADARÁ AO PARLAMENTO AS DENUNCIAS DOS AFECTADOS POLAS OBRAS DO PARQUE EÓLICO DAS SASDÓNIGAS**



Utilizamos cookies propias e de terceiros para ofrecerche unha mellor experiencia e servizo según a túa navegación. Se continúas navegando, entendemos que aceptas o seu uso [Axustes](#) [ACEPTAR](#)

En Marea trasladará ao Parlamento as denuncias dos afectados polas obras do parque eólico das Sasdónigas

POR [XORNAL DE LUGO](#) • 14 FEBREIRO, 2019

Tras manter unha xuntanza cos veciños de [Mondoñedo](#) afectadas polas obras do parque eólico de As Sasdónigas, xestionado por [Norvento](#), o voceiro de [En Marea](#) no Parlamento, Luís Villares, acompañando polo voceiro da formación en Mondoñedo, Manuel Germade, anunciou que o grupo parlamentario trasladará á Cámara galega as demandas veciñais, **motivadas pola afectación de elementos patrimoniais, coma o Camiño de Santiago, un xacemento romano que se descubriu na contorna e outros bens** como unha neveira localizada na zona do parque ou a chamada Calzada Vella, o Camiño real que comunicaba a vila con Betanzos e Ferrol.

No caso do Camiño de Santiago, Luís Villares informou que En Marea xa presentou unha **demanda colectiva perante o organismo ICOMOS**, que se dedica á conservación e protección de monumentos e do patrimonio cultural. “Decidimos plantexar unha denuncia colectiva pola afectación do Camiño en varios tramos, en Mondoñedo, Oia e en Touro porque nos tres casos está habendo afectación ao propio Camiño de Santiago como consecuencia de obras autorizadas pola propia Xunta de Galicia e non entendemos que en plena expansión do Xacobeo e de promoción do Camiño para o vindeiro Ano Santo estean permitindo a mina de Touro, cun destrozo patrimonial, paisaxístico e visual evidente, neste caso co destrozo completo do propio trazado e **en Santa María de Oia deixando caer o propio mosteiro**”, sinalou o voceiro de En Marea, en referencia a tres casos nos que a Xunta está poñendo en perigo os valores que protexen o Camiño de Santiago e de terceiros para ofrecerche unha mellor experiencia e servizo según a túa navegación. Se continúas navegando,

entendemos que aceptas o seu uso



XORNAL DE LUGO

Diario de información xeral encol de Lugo e a súa provincia.

♡ [0 GÚSTAME](#)

💬 [0 COMENTARIOS](#)

🖨 [IMPRIMIR](#)

TEMAS

[PARLAMENTO GALEGO](#)

[MONDOÑEDO](#)

[ACEPTAR CAMIÑO DE SANTIAGO](#)

Axustes

A maiores dos elementos patrimoniais, as obras levadas a cabo por Norvento están tamén afectando a unhas turbeiras ubicadas en Rede Natura e cun alto valor ecolóxico. “Tampouco se documentaron no seu momento fontes e acuíferos que tiñan que ter informado no plan sectorial antes de implantarse os parques”, denunciou Villares.

Finalmente, “dende o punto de vista do procedemento expropiatorio houbo varias irregularidades, pois fraccionouse como dous parques o que realmente é un parque só, unha **fraude para pagar menos impostos e para evitar trámites de carácter ambiental**, ademais de estaren omitindo trámites da Lei de expropiación forzosa que están prexudicando os propios afectados que non poden alegar en prazo”.

O voceiro de En Marea comprometeuse a trasladar todas estas reivindicacións ao Parlamento de Galicia. “Pedirémolles explicacións porque nos parece un atropelo a todos os veciños de Mondoñedo e a toda a poboación en xeral, dado que o Camiño nos afecta a todos e todas”, concluiu.

[EN MAREA](#)

[CALZADA VELLA](#)

[PARQUE EÓLICO AS SASDONIGAS](#)

[NEVEIRA](#)

 Post Views: 309

0 comentarios

Ordenar por: [Máis antigos](#)



Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

DEIXAR UNHA RESPOSTA

A súa dirección de email non será publicada. Os campos requeridos están marcados *

Utilizamos cookies propias e de terceiros para ofrecerche unha mellor experiencia e servizo según a túa navegación. Se continúas navegando, entendemos que aceptas o seu uso

COMENTARIO

entendemos que aceptas o seu uso

[Axustes](#)

[ACEPTAR](#)

NOME *

EMAIL *

PÁXINA WEB

AO USAR ESTE FORMULARIO ACCEDES AO ALMACENAMENTO E XESTIÓN DOS TEUS DATOS POR PARTE DESTA WEB. *(Tes que aceptar esta casa.)

ENVIAR COMENTARIO

Este sitio emplea Akismet para reducir o spam. [Aprende como se procesan os datos dos teus comentarios](#).

Utilizamos cookies propias e de terceiros para ofrecerche unha mellor experiencia e servizo según a túa navegación. Se continúas navegando, entendemos que aceptas o seu uso [Axustes](#) [ACEPTAR](#)